

EXPEDIENTE N° 4/2024 ELECTRÓNICO N° 965/2024

OBRAS DE RECUPERACIÓN E REHABILITACIÓN DA CONTORNA DO PAZO DE QUINTÁNS - PSTD (NEXT GENERATION)

(EXPEDIENTE URBANÍSTICO: 8796/2022)

(EXPEDIENTE CONVENIO AXENCIA TURISMO DE GALICIA: 2021008448)

SUBVENCIÓN: financiadas ao 100 % polos fondos NextGenerationEU a través do mecanismo europeo de recuperación e resiliencia (MRR), dentro do **compoñente 14: Plan de modernización e competitividade do sector turístico, incluído no Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), no contexto da liña de investimento 1: «Transformación do modelo turístico cara á sustentabilidade».** (C14.I1).

ASUNTO: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE E DO GASTO

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

A Resolución do 23 de decembro de 2021, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 21 de decembro de 2021, no que se fixan os criterios de distribución, así como a repartición resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais no marco do Compoñente 14 Investimento 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (en diante PRTR), establece que a Conferencia Sectorial de Turismo, na súa reunión do día 28 de xullo de 2021, ratificou a aprobación da Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destino, marco do Programa de Sustentabilidade Turística en Destinos (PSTD).

O concello de Sanxenxo concorreu á convocatoria extraordinaria de Plans Territoriais de Sustentabilidade Turística en Destino (en diante PTSTD), presentando un proxecto baixo o título de “Sanxenxo 365 días” sendo unha das categorías de destino recollidas na convocatoria e establecendo o investimento mínimo por eixos que recolle a convocatoria.

Dentro do PTSTD presentando, o Concello integra a actuación da “Mellora da contorna do Pazo de Quintans”.

O PTSTD de Sanxenxo foi valorada tanto pola Axencia Turismo de Galicia, como por SETUR, obtendo unha nota superior a 70 sobre 100 en base aos criterios de valoración, sendo aprobado e formando parte do PTST de Galicia.

O 29 de xullo de 2022 é asinado un Convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Sanxenxo para a execución do PSTD Sanxenxo 365 días, no marco do PRTR, financiado ao 100% pola Unión Europea-Nextgeneration.(expediente 2021008448).



O convenio ten por obxecto articular a colaboración entre as partes asinantes co obxectivo de executar o PSTD do Concello de Sanxenxo, dentro do PTSTD da Comunidade Autónoma de Galicia, con cargo aos Fondos Europeos procedentes do MRR, así como o importe necesario para a execución do mesmo.

No ámbito da actuación da mellora da contorna do Pazo de Quintáns é redactado un proxecto básico e de execución denominado “BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE RECUPERACIÓN E REHABILITACIÓN DA CONTORNA DO PAZO DE QUINTÁNS (DOCUMENTO REFUNDIDO NOVEMBRO 2023)”, asinado por Carlos Berride Abalo, arquitecto colegiado COAG número 4.510, o 05/12/2023; documento que é aprobado por resolución da alcaldía en data 05 de marzo de 2024 (expediente 8796/2022).

Mediante resolución desta alcaldía da data 06 de marzo de 2024, e incoado o expediente nº 965/2024 da contratación das obras para a recuperación e rehabilitación da contorna do Pazo de Quintáns, a través de procedemento aberto regulado no artigo 156 e seguintes da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do sector Público (en diante LCSP) e por medio de tramitación ordinaria.

Na elaboración do Prego de cláusulas administrativas particulares (en diante PCAP) que rexirán este contrato, contémplase a inclusión de todos os preceptos, obrigas e principios recollidos na Orde HFP/1031/2021 e Orde HFP/1030/2021, especialmente os referentes á obriga da aplicación ao contrato en cuestión do plan de medidas antifraude e anticorrupción, o preceptivo cumprimento das obrigas asumidas en materia de etiquetado verde e etiquetado dixital e a referencia aos fitos e obxectivos que se pretenden cumplir.

O contrato que se tramita, ten un presupuesto base de licitación de 770.000 € (IVE engadido) e un valor estimado de 636.363,64€.

O 08 de marzo de 2024 é emitido informe da secretaría favorable á aprobación do expediente de contratación das obras da mellora da contorna do Pazo de Quintáns.

O 19 de marzo de 2024 incorpórarse no expediente de contratación o informe de control financeiro nº 0296 subscrito polo interventor xeral, fiscalizando de xeito favorable a aprobación do expediente e do gasto (Fase A do procedemento).

Á vista dos antecedentes expostos, e no uso das miñas atribucións, **esta alcaldía resolve:**

Primeiro: Aprobar o expediente para a contratación da obra da recuperación e rehabilitación da contorna do Pazo de Quintáns, a través



de procedemento aberto regulado no artigo 156 e seguintes da LCSP, con múltiples criterios de adxudicación e por medio de tramitación ordinaria. O orzamento base de licitación, entendido como límite máximo do gasto que, en virtude do contrato e ao longo da duración do mesmo, compromete ao órgano de contratación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, ascende a 770.000 euros, financiados ao 100% polo PRTR, a través de fondos Next Generation EU, agás o IVE.

Segundo: Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, que consta de 29 cláusulas e 10 anexos.

Terceiro: Aprobar o gasto pola contía de 770.000 euros, suficiente para atender as obrigas de carácter económico para o ente contratante, existindo crédito suficiente no presupuesto separado de gastos da Entidade Local, con cargo á partida orzamentaria 33008 62200 (RC nº de operación 1306 Y 1146).

Cuarto: Continuar a tramitación sucesiva do expediente coa publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Sanxenxo a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

En Sanxenxo,
O alcalde, Telmo Martín González
O secretario xeral, Ángel Luis López Pita

